



Secretaría Xeral
Expte. 3490/1101

PLENO DO EXCMO. CONCELLO. Núm. 11

CONVOCATORIA

DECRETO DE CONVOCATORIA.

Sen prexuízo da asistencia telemática de aqueles concelleiros e concelleiras que por embarazo, maternidade, paternidade ou enfermidade grave decidan a súa asistencia nesa condición (artigo 60.5. do Regulamento Orgánico Pleno), convócase sesión pública do Pleno da Corporación do Excmo. Concello de Vigo para celebración de sesión **ORDINARIA**, ás **NOVE HORAS** do día **27 DE XULLO**.

Se na primeira convocatoria non existira o quórum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

- 1. Actas anteriores:** Ordinaria do 29 de xuño 2022

Declaracións institucionais.

- 2.** Declaración Institucional sobre os incendios forestais. Expte. Pleno 3498/1101.

Ditames das comisións informativas:

ORZAMENTOS E FACENDA

- 3.** Dar conta do informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos de pago das obrigas do Concello de Vigo, Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo e Fundacións que pertencen ao perímetro de



Copia do documento - Concello de Vigo
3490-1101

Data impresión: 22/07/2022 08:57

Páxina 1 de 3

CSV: A6ACB9-A3A1BA-44CBB5-HJ7GLQ-TNNDWY-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

consolidación, correspondente ao 2º trimestre do ano 2022 e PMP dos 6 meses do ano 2022. Expte. 25763/541 (Expediente Pleno 3478/1101).

4. Dar conta do estado de execución do estado de gastos e ingresos do Orzamento, correspondente ao 2º trimestre do 2022, así como do movemento de Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias. Expte. 223/143 (Expediente Pleno 3479/1101).

Mocións:

5. Moción do grupo municipal do Partido Popular, instando ao Goberno de España a dotación dos trens Avril de rodadura desprazable que permita a chegada da alta velocidade a Vigo. Expte. Pleno 3497/1101.
6. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a repoñer de forma urxente a Tarxeta Básica co obxectivo de garantir as necesidades básicas das persoas máis vulnerables que se atopan en situación de carencia material severa. Expte. Pleno 3488/1101.
7. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a crear unha partida de 2 millóns de euros nos próximos orzamentos e transferilos ao Concello de Vigo para asumir o custe das becas de comedor, libros e servizos complementarios. Expte. Pleno 3499/1101.
8. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a incluír nos seus Orzamentos do ano 2023 e comprometerse a transferir 500.000 euros para potenciar o plan de investimentos que implique ao mantemento das 11 bandeiras azuis do Concello de Vigo e outros acordos complementarios. Expte. 3500/1101.
9. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a transferir ao Concello de Vigo, a parte proporcional que lle corresponda en función da súa poboación, dos fondos recibidos do Estado para inversión, política social, emprego e outras. Expte. Pleno 3501/1101.

PARTE DE CONTROL

10. Dar conta de resolucións da Alcaldía, dende o 17.06 ao 18.07.22. Expte. 1255/1102 (Expte. Pleno 3492/1101).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 08:57	Páxina 2 de 3
3490-1101	CSV: A6ACB9-A3A1BA-44CBB5-HJ7GLQ-TNNDWY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 11.** Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, dende o 17.06 ao 18.07.22. Expte. 1256/1102 (Expte. Pleno 3493/1101).

Mocións.

- 12.** Moción do concelleiro non adscrito para o despregamento de medidas municipais fronte ao agravamento da crise na cidade. Expte. Pleno 3496/1101.
- 13.** Moción do grupo municipal Mixto para que o Goberno Local garanta o cumprimento da lexislación laboral nas concesionarias municipais. Expte. Pleno 3495/1101.
- 14. Formulación de rogos.**
- 15. Formulación de preguntas.**

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público na páxina web municipal ós efectos de información.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez

Ante min, a secretaria xeral Acctal.do Pleno
Susana Gallardo Fariña



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 08:57	Páxina 3 de 3
3490-1101	CSV: A6ACB9-A3A1BA-44CBB5-HJ7GLQ-TNNDWY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		